

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1XF	<i>Expediente</i> CON/52/2015	<i>Fecha</i> 09-10-15 10:54

Número 90 .- Adxudicación do expediente denominado "Roza de viais municipais - Campaña outono 2015".

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 09 de outubro de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 90 .- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DENOMINADO "ROZA DE VIAIS MUNICIPAIS - CAMPAÑA OUTONO 2015".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 6 de outubro de 2015, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial, así como do informe favorable nº 2015/683 da técnico de Intervención que conta co conforme da Interventora xeral municipal, de data 7 de outubro de 2015.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Roza de viais municipais - Campaña outono 2015", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 1 de outubro de 2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador ALCOMTE GALICIA SL.

Segundo: Con data 6 de outubro celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMGZ11XF	CON/52/2015	09-10-15 10:54

proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ALCOMTE GALICIA SL**, por un importe máximo de **59.200 euros** (IVE aparte 21%: 12.432 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Oferta un **1,50% de baixa sobre o cadro de prezos** unitarios sinalados no prego técnico

Noméase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiros de camiños municipal

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 45400 21000.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ALCOMTE GALICIA SL**, por un importe máximo de **59.200 euros** (IVE aparte 21%: 12.432 euros), por ser a máis vantaxosa das presentadas.

Oferta un **1,50% de baixa sobre o cadro de prezos** unitarios sinalados no prego técnico.

Noméase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 45400 21000.**

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández